



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

Asunto: Aprobación expediente de contratación, mediante contrato mixto da actuación do “Proxecto de mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”.

Exdte. Admvo. Núm: 2019/C005/000002

Expte. Decreto Núm.: 2019/G003/000394

Vistos que os expedientes administrativos núms. 2018/C005/000002 e 2019/C005/000001, de contratación, mediante contrato mixto, da actuación do “Proxecto de mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe” resultaron desertos por non presentarse ningunha oferta a esta licitación dentro do prazo legalmente establecido que cumprira cos criterios de participación.

Vista a providencia de Alcaldía de data 08/05/2019 na que se dispón que se inicie, de novo, o expediente administrativo para a contratación do “Proxecto de mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”, empregando o mesmo procedemento.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei de Contratos do Sector Público, mediante providencia de alcaldía xustificouse a necesidade de acudir ao contrato administrativo mixto, cuxa prestación principal é a de subministración, en base á insuficiencia de medios persoais e materiais, xa que o concello non dispón de equipos e maquinaria específicos con que realizar as actuacións proxectadas.

Atendendo a que con data do 25 de maio de 2018 se asinou un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento da actuación de “Mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe” e por Resolución de Alcaldía de data 27 de marzo de 2018, se aprobou o prego de prescricións técnicas para o subministro, montaxe e reforma de equipamentos do Proxecto de mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe, redactado polo arquitecto municipal D. Antonio Corrochano Corrochano.

De acordo co establecido no prego de prescricións técnicas, establécese un orzamento total de 25.000 €, IVE engadido, coa seguinte desagregación por lotes:

- o Lote 1: Adquisición de equipamento informático, visual e equipamento técnico para exposicións, por importe de 11.800,00 €, IVE engadido
- o Lote 2: Adquisición de equipamento de seguridade, por importe de 1.000,00 €, IVE engadido
- o Lote 3: Adquisición de mobiliario, por importe de 8.000,00 €, IVE engadido
- o Lote 4: Melloras nas infraestruturas e nos equipamentos do inmovible do Museo do Mar, por importe de 4.200,00 €, IVE engadido

O procedemento para a contratación será o procedemento aberto simplifícadísimo, por razón da contía, regulado no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola axilidade do procedemento.

Visto o informe xurídico emitido pola secretaría de este Concello, o prego de prescricións técnicas, a memoria valorada, o pregos de cláusulas administrativas particulares e o informe de intervención.

Examinada a documentación que consta no expediente, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ,



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

esta Alcaldía **RESOLVE:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplifícadísimo, tramitación ordinaria, do contrato mixto de subministro e obra do “Proxecto de Mellora de equipamentos e infraestruturas do Museo do Mar de Laxe”, por importe de 20.661,16 euros, correspondentes ao valor estimado do contrato, aos que se deberá repercutir 4.338,84 euros correspondentes ao IVE e un prazo de execución de 2 meses (60 días naturais), no que se establece a seguinte desagregación por lotes:

- o Lote 1: Adquisición de equipamento informático, visual e equipamento técnico para exposicións, por importe de 11.800,00 €, IVE engadido
- o Lote 2: Adquisición de equipamento de seguridade, por importe de 1.000,00 €, IVE engadido
- o Lote 3: Adquisición de mobiliario, por importe de 8.000,00 €, IVE engadido
- o Lote 4: Melloras nas infraestruturas e nos equipamentos do inmovible do Museo do Mar, por importe de 4.200,00 €

Segundo.- Aprobar o gasto por importe de 25.000,00 euros, con cargo á partida 2019.334.625.00, proxecto 2018-2-DCOMU, do orzamento de 2018 prorrogado para o ano 2019.

Terceiro.- Aprobar a memoria xustificativa redactada con data do 08/05/2019.

Cuarto.- Aprobar a memoria valorada para o lote IV: Melloras nas infraestruturas e nos equipamentos do inmovible do Museo do Mar, redactada polo arquitecto municipal D. Antonio Corrochano Corrochano, con data do 30/11/2018.

Cuarto.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo do presente contrato mixto de subministracións e obra.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto simplifícadísimo, con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días se presenten as proposicións que se estimen pertinentes (art. 159.6 LCSP 2017),

Sexto.- Designar a D. Antonio Corrochano Corrochano como director de obra e como responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e designar á unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato.

Sétimo.- Designar á unidade técnica (Servizo de Contratación) formada por: Begoña Carrasco García, secretaria interventora do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa.

Antonio Corrochano Corrochano, arquitecto municipal do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente o substitúa.

Emilia Alborés Lema, AEDL do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa, que actuará como secretaria a efectos da plataforma de contratación do Estado.

Octavo.- Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa valoración.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. José Manuel Mouzo Castiñeira, do que eu como secretaria dou fé.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde,
Asdo. José Manuel Mouzo Castiñeira

A secretaria-interventora,
Asdo. Begoña Carrasco García